

COMISIÓN INFORMATIVA DE CULTURA, DEPORTES E MOCIDADE

ACTA da mencionada comisión informativa, correspondente ao día **18 de xuño de 2020**

Ás 18.10 horas do día 18 de xuño de 2020, reúnese a comisión informativa de Cultura, Deportes e Mocidade a través do sistema de videoconferencia (a través do enlace <https://call.lifesizecloud.com/4065799> remitido coa convocatoria) coa asistencia dos seguintes deputados e deputadas:

Presidenta: D.^a Ana Patricia Torres Madureira

Deputados/as do Grupo Popular:

D. Álvaro José Fernández López

D.^a Consuelo Vispo Seara

D. Miguel Antonio Cid Álvarez

D.^a Ana María Villarino Pardo

Deputados/as do Grupo Socialista:

D.^a Susana Rodríguez Estévez

D. Álvaro Vila Araújo

D.^a Margarita Pérez Fernández

Deputado de Democracia Ourensana: D. José Miguel Caride Domínguez

Deputado do BNG: D. Bernardo Varela López

Deputada de Ciudadanos-Partido de la Ciudadanía: D.^a Montserrat Lama Nóvoa.

Interventor: D. José Mosquera Casero

Actúa de **secretario** da comisión, dando fe do acto, don Juan Marquina Fuentes, vicesecretario xeral da Deputación Provincial de Ourense. En particular, e dado o sistema de videoconferencia empregado para a realización da sesión, dáse fe da concorrencia en tempo real dos asistentes, aos que reconece a través da imaxe retransmitida e de que se encontran en territorio español, e da súa capacidade efectiva de participación nas deliberacións que se producen na reunión, así como da manifestación da súa vontade a través do voto.

Seguidamente, iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación:

1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO DÍA 21 DE MAIO DE 2020.-

Pola Secretaría Xeral deuse traslado do borrador da acta anterior, correspondente á ordinaria do día 21 de maio de 2020.

Non se producen intervencións e por unanimidade a comisión adopta o seguinte acordo:

Aprobar a acta da sesión ordinaria da Comisión Informativa de Cultura, Deportes e Mocidade do día 21 de maio de 2020, conforme co borrador elaborado pola Secretaría Xeral.

2º.- RATIFICACIÓN DA DECISIÓN DE INICIAR EXPEDIENTE PARA O OUTORGAMENTO DE TÍTULO HONORÍFICO DE FILLO ADOPTIVO DA PROVINCIA DE OURENSE AO INSIGNE ESCULTOR DON MANUEL GARCÍA DE BUCIÑOS VÁZQUEZ.

A presidenta da comisión dá conta do contido da proposta da Presidencia.

Todos os grupos con representación na comisión amósanse conformes coa dita proposta e coa concesión do citado título honorífico a Manuel García de Buciños.

Non se producen máis intervencións e, por unanimidade, a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

1º.- Ratificar a incoación do expediente para o outorgamento do título honorífico de Fillo Adoptivo da Provincia de Ourense ao insigne escultor don Manuel García de Buciños Vázquez.

2º.- Designar ao deputado provincial e vicepresidente primeiro don Rosendo Fernández Fernández como instrutor do expediente, conforme co que dispón o capítulo III do Regulamento de Honores e Distincións da Deputación de Ourense. O deputado instrutor

actuará asistido polo asesor de presidencia don Aurelio Gómez Villar, que actuará como secretario do expediente.

3º- MOCIÓN DE URXENCIA.- Non se presentan.

4º.- ROGOS E PREGUNTAS.- Nesta quenda prodúcese as seguintes intervencións:

A **presidenta da comisión** intervén para dar respostas a preguntas formuladas na sesión anterior. Con respecto á pregunta formulada polo grupo do PS de G-PSOE sobre a proposta de título honorífico de fillo adoptivo ao cineasta José Luis Cuerda indica que o presidente xa asinou a providencia de inicio do expediente e que deberá ratificarse esta no pleno do mes de xullo. Respecto á pregunta do BNG sobre o concurso de subvencións a clubs deportivos e a como este se ía ver afectado pola crise da pandemia do COVID-19, contesta que está en fase de resolución e que mantén a súa dotación orzamentaria inicial, e que será na de xustificación cando se valoren as contas xustificativas que poidan presentar os beneficiarios.

D. Álvaro Vila Araújo, do Grupo Socialista, intervén para preguntar cal é a postura institucional da Deputación sobre a fusión que dende o Concello de Ourense se está a promover entre a UDO e o Ourense CF SAD.

A **presidenta da comisión** informa que responderá tras conseguir información.

Sobre esta cuestión toma a palabra para intervir o **Sr. Caride Domínguez, de DO,** indicando que dende o concello unicamente se está a mediar nesta eventual fusión por considerala beneficiosa para a cidade, pero que en todo caso a decisión soberana sobre a fusión correspóndelles exclusivamente ás masas sociais dos respectivos clubs.

E, ás 18.30 horas, dáse por finalizada a reunión, redactándose a presente acta que se asinará electronicamente. Dou fe.